

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
sanidade



Falamos de sanidade

Unha sanidade pública, universal e de calidade

A primeira etapa do cambio

- Traballamos por un **sistema público de saúde, universal e de calidade como garantía de equidade e solidariedade**. A sanidade que estamos a construír está sustentada en **cinco piares**: o saneamento económico e financeiro, a posta en valor dos recursos humanos, a reordenación asistencial e mellora das prestacións, o impulso das infraestruturas físicas, e tecnolóxicas e a participación e a transparencia.
- **Incrementamos un 49% a inversión en Sanidade ata superar, en 4 anos de goberno, o incremento do PP nos seus últimos 10 anos.**
- **Eliminamos toda a débeda que herdamos do PP.** 413 millóns de euros é o que todos os galegos debemos pagar por débedas contraídas hai anos. Agora temos unha “sanidade saneada” e que evita a dilapidación.
- **Unha Oferta Pública de Emprego (OPE) histórica.** En 16 anos de Goberno o PP nunca convocou unha OPE ordinaria. En 4 anos, foron 2 as convocatorias e 6.906 as prazas sacadas a oposición. Con esta oferta loitamos contra a precariedade laboral do persoal sanitario, e melloramos a calidade da atención ao paciente.
- **Unificamos o modelo hospitalario, acabando coas Fundacións Sanitarias do PP.** O PP, cando gobernaba, creou fortes desigualdades na calidade da atención, nos servizos dispoñibles, ou entre o persoal.
- **Reducimos os tempos -medios- de espera, e fixémoslo converxendo co Sistema Nacional de Saúde (SNS).** Trazámonos un “Obxectivo anual”, que presentamos ao Parlamento; elaboramos “Datos trimestrais” de seguimento das listas de espera, que sempre fixemos públicos; e conseguimos, finalmente, reducir en 67 días a espera media, e en 77 días a diferenza coa espera no SNS.
- **Recoñecemos novos dereitos aos pacientes.** Cada servizo sanitario implica unha atención especializada para o paciente. Os Plans que desenvolvemos transformaron os servizos e a atención nun dereito asistencial garantido.
- **Impulsamos novas infraestruturas hospitalarias.** 1.316 millóns de euros para a creación de novos hospitais (Lugo e Vigo) e ampliar e/ou mellorar outros centros cun atraso histórico que pronto verán superado. Para iso apostamos polo “Plan Director de Infraestruturas Sanitarias” e os “Plans Funcionais” que o PP tiña paralizados.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- **Incorporamos, dentro da nova Lei de Saúde de Galicia, un Título II, “Dereitos e Deberes sanitarios da cidadanía”,** que recoñece novos dereitos e deberes aos usuarios, que amplía outros antes existentes, incorpora un sistema eficaz de xestión de reclamacións, constitúe a figura do vice valedor/a do/a Paciente -dependente do Valedor do Pobo, recoñece a lexitimidade das organizacións sindicais e as asociacións profesionais, e institúe un mecanismo de participación social.
- Aprobamos o **Plan de Saúde Mental** (Galicia era a única comunidade autónoma que carecía dun), que xa creou 88 novas prazas nos servizos asistenciais, 98 novas prazas de profesionais en programas de aloxamento tutelado e 169 en centros de rehabilitación psicosocial, cun incremento do 88% dedicado a estes programas de apoio a rehabilitación.
- **Creamos unha rede de centros de alzheimer que contará con 14 centros abertos no 2009.** Esta rede pública de centros especializados poderá prestar un servizo profesional e de máxima calidade tanto aos enfermos coma ás súas familias.

A segunda etapa do cambio

- Aprobaremos a **Lei de Saúde Pública de Galicia**, desenvolveremos o **Plan de Saúde de Galicia** e promoveremos a nova **Lei de Farmacia**.
- Aprobaremos unha **Lei de Garantía de Tempos Máximos de Demora**, para consultas, probas diagnósticas e cirurxía programada. Reduciranse os tempos medios de demora para consultas e intervencións cirúrxicas, co obxectivo de acadar ao finalizar a legislatura unha media de **30 días e 50 días**, respectivamente.
- Aseguraremos que a **asistencia non urxente en Atención Primaria non superará as 24 horas** en días laborais.
- Promoveremos a **cita no mesmo día** para consultas e exploracións, evitando as visitas reiteradas. Garantiremos que **en menos de 30 días haxa un diagnóstico, se realicen as probas e se estableza un tratamento**, a través das consultas de alta resolución.
- Impulsaremos as **Áreas de xestión clínica**, potenciando a atención do paciente por equipos multidisciplinares para mellorar a eficiencia na utilización dos recursos e a calidade asistencial.
- Crearemos unha **fiestra única**, que facilite á cidadanía as consultas e os trámites administrativos.
- **Finalizaremos o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013 e aprobaremos**

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



un novo Plan de construción, adecuación e modernización das infraestruturas sanitarias, promovendo a construción de Centros de Alta Resolución.

- Potenciaremos a aplicación das **novas tecnoloxías aos servizos de saúde** (sistema de información integrado, tarxeta sanitaria, historia clínica electrónica, receita electrónica, telemedicina, teleconsulta etc.) cara a incrementar os niveis de accesibilidade, comodidade e eficiencia.
- **Reduciremos as tarxetas sanitarias a 1.250 por médico de familia e a 900 por pediatra.**
- Poremos en marcha un **Plan Integral para previr a Obesidade Infantil e o control da Alimentación**. Ademais, elaboraremos o **Plan da Saúde, o Deporte e a actividade física na Escola**, e continuaremos impulsando **programas de educación sanitaria nas escolas**.
- **Ampliaremos ata os 18 anos a gratuidade dos empastes e as endodoncias e implantaremos, progresivamente, a gratuidade das próteses dentais para as persoas maiores.**
- Desenvolveremos programas específicos de **promoción da saúde mental** e prevención da enfermidade mental nas escolas e no lugar de traballo.
- Potenciaranse as **Comisións de Participación Cidadá** como órgano de participación efectiva na elaboración de plans de saúde, na orientación da asignación de recursos e na avaliación da calidade asistencial.
- Potenciarase a figura do **médico responsable do paciente hospitalizado**.
- Continuaremos desenvolvendo os **servizos de hospitalización a domicilio**.
- Remataremos o **Plan de dotación de Alta Tecnoloxía** e outro equipamento no Servizo Galego de Saúde.
- Comprometémonos á completa execución dun **Plan Integral de Urgencias e Emerxencias** que, dende unha reforma organizativa global que planifique os recursos empregados, aposte pola coordinación e a racionalización dos servizos, e mellore os niveis de seguridade, calidade e rapidez das urxencias.
- Desenvolveremos a **homoxeneización do réxime xurídico de todos os empregados públicos da saúde**.

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- Consolidaremos a garantía para a totalidade dos dereitos dos cidadáns no proceso do nacemento (preparación ao parto, acompañamento durante o nacemento, dereito á intimidade e confidencialidade) incluído o **dereito ao parto natural** non medicalizado nos hospitais públicos.
- **Estenderemos a gratuidade dos anticonceptivos** e seguiremos dispensando gratuitamente a pílula do día seguinte ou de emerxencia.
- Garantiremos a asistencia da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE) segundo os supostos legais ás mulleres que o soliciten.
- **Garantiremos a atención integral ás persoas transexuais: os tratamentos hormonais e psicolóxicos, e a cirurxía de reasignación de sexo.**
- Fomentaremos os programas de atención ao paciente terminal, orientados a garantir unha vida digna ata o instante da morte.
- **Garantiremos a atención podolóxica a pacientes diabéticos con patoloxías vasculares crónicas.**
- Promoveremos o **Plan de Saúde Mental e Adiccións** de Galicia, incluíndo os problemas de saúde mental en xeral, e a atención ás adiccións en particular.
- Desenvolveremos novas iniciativas e programas para mellorar a **atención ás persoas coa enfermidade de Alzheimer** e outras demencias.
- Desenvolveremos o **Programa de Trastorno Mental Severo e os Equipos de Continuidade de Coidados.**
- Crearemos a **Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Referencia autonómica** e, ademais, desenvolveremos progresivamente Hospitais de Día nas principais cidades de Galicia, para a atención da saúde mental infanto-xuvenil.
- Desenvolveremos as Unidades Extrahospitalarias de Psicoxeriatría e presentaremos un **Programa de Atención ás Demencias** para atender a saúde mental na terceira idade.
- Incrementaremos, progresivamente, o **investimento en investigación biomédica**, crearemos o **Instituto Galego de Investigación sanitaria**, e desenvolveremos o **Biocluster para Galicia.**

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



